

Francisco Fernández Castro, secretario do concello de Ribadavia
CERTIFICO :

Que a xunta de goberno local do concello de Ribadavia na súa sesión de data 1 de abril de 2019 acadou o seguinte acordo:
BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO A DIVERSAS CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA, PROCEDENTES DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019.

Con data de 7 de marzo de 2019 a Xunta de Goberno Local do concello de Ribadavia acadou o seguinte acordo:

Convocar o proceso selectivo para a cobertura de diversas prazas vacantes no Corpo da Policía Local do concello de Ribadavia , incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2019, que a continuación se sinalan:

-Grupo segundo o artigo 76 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público :C.Subgrupo C1.Clasificación :escala de administración especial , subescala servizos especiais, clase policía local , Número de vacantes: 5.Denominación: policía.

Establécese o sistema de oposición libre para a provisión de tres (3) prazas de policía e o sistema de concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos de policía local da Comunidade autónoma de Galicia para as dúas (2) prazas restantes de policía.

-Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para o acceso a prazas do corpo de policía local do concello de Ribadavia, procedentes da oferta de emprego público do ano 2019.

Con data de 18 de marzo de 2019 e ao abeiro do previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas , non tendose transcrito por erro nos anexos de solicitudes de participación o relativo á protección de datos rectificáronse ditos anexos engadindo o relativo á protección de datos dos participantes no proceso selectivo.

Con rexistro de entrada no concello de 26 de marzo de 2019 , número 1332, se recibe Informe sobre adecuación á normativa de coordinación de policía locais de Galicia das bases da convocatoria de proceso selectivo de policía local, emitido polo Director Xeral de Emerxencias e Interior, sinalanda a necesidade de introducir diferentes emendas nas bases.

Considerando que as bases non ten sido publicadas no Boletín Oficial da Provincia.

Visto o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, artigo 15.5: " As convocatorias ou as súas bases, unha vez publicadas, samente poderán ser modificadas con suxección estrita ás normas da lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común"

Visto o sinalado por Jorge Fondevila Antolín en " Manual para la selección de empleados públicos" 2ª edición, páxina 384 ." Otra cuestión que debe ser objeto de

consideración es la posibilidad de modificación de las bases por parte del órgano que aprobó las mismas; a este respecto es preciso distinguir entre dos situaciones que las mismas hayan sido objeto de publicación o no , y además ,nuevamente, habrá que diferenciar también entre bases generales y específicas; así, en el caso de bases generales y específicas aprobadas y no publicadas ,entendemos que no existe inconveniente alguno para su modificación , siempre y cuando la misma no sea contraria al ordenamiento jurídico, al principio de igualdad ni al interés público.”

A xunta de goberno acorda aprobar as seguintes bases , deixando sen efecto as aprobadas con data de 7 de marzo, introducindo as emendas reflectidas no Informe do Director Xeral de emerxencias, sendo a redacción das bases definitiva :

BASES REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO A DIVERSAS CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA, PROCEDENTES DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019.

NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.

É obxecto das presentes bases a provisión en propiedade das prazas que se inclúen na Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2019 , aprobada por Resolución de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2019 e publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 32 de data 14 de febreiro de 2019, cuxas características son:

Cinco (5) prazas da categoría de policía, integradas no grupo C, subgrupo C1, da escala básica de administración especial, subescala de servizos especiais do Corpo da Policía local de Ribadavia.

.SISTEMA DE ACCESO.

Establécese o sistema de oposición libre para a provisión de tres prazas e o sistema de concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da Comunidade autónoma de Galicia para as dúas prazas restantes.

As prazas convocadas pola quenda de mobilidade horizontal se acumularán as prazas convocadas pola quenda de oposición libre no suposto de non proveerse por tal procedemento.

.CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

A/ QUENDA LIBRE

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso por quenda de oposición libre , os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

— Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1(bacharelato, técnico superior de formación profesional ou equivalentes)

— Superar os 18 anos de idade . e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación establecida no artigo 56.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015.

— Ter a nacionalidade española.

— Non ser condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio da función pública, nin separado/a de o servizo nas Administracións Públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme

— Estar en posesión dos permisos de condución das clases A2 e B., comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo no Corpo da Policía Local.

-Posuír una estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres. Este requisito comprobarase inmediatamente antes do comezo do exercicio das probas físicas.

— Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.

— Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas, nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que se prestará mediante declaración xurada do aspirante, achegando a mesma á instancia no momento de presentala.

— Acreditar a aptitude física mediante a presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición, o cal non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

O certificado axustarase ao seguinte modelo: *«Don/Dona..... reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas de aptitude física esixidas nas bases da Convocatoria.../... para a provisión en propiedade das prazas de Policía Local do Concello de Ribadavia».*

Os indicados requisitos deberán acreditarse na data na que termine o prazo de presentación de instancias desta convocatoria (Anexo II).

B/ QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL

Para tomar parte no proceso selectivo pola quenda de mobilidade horizontal , os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

-Acreditar que posúen unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de tres anos en dita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos.

-Faltarlle , como mínimo, 12 anos para o pase previsto á situación de segunda actividade.

— Non ser condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio da función pública, nin separado/a de o servizo nas Administracións Públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme

— Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.

— Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas, nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que se prestará mediante declaración xurada do aspirante, achegando a mesma á instancia no momento de presentala.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes (Anexo II), requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello poderán presentarse no Rexistro Electrónico do Concello de Ribadavia, no Rexistro Xeral de Documentos deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*.

Os aspirantes que non presenten as solicitudes a través da sede electrónica do concello de Ribadavia ou no rexistro xeral do concello deberán comunicalo por telegrama, fax no mesmo día da súa presentación.

Ademais na solicitude deberase elixir a lingua (galego ou castelán) en que queren que se lles plantexen os exercicios. Se non se sinala nada entenderase que a lingua elixida é a galega. Por motivos de operatividade, unha vez escollido un idioma non se permite a súa modificación.

Aqueles aspirantes que acrediten o nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega quedarán exentos da realización do exercicio correspondente ao coñecemento da lingua galega da oposición. Esta circunstancia deberán acreditala

documentalmente xunto coa solicitude de participación no correspondente proceso selectivo.

Os aspirantes que acheguen as solicitudes de participación e demais documentación preceptiva a través da Sede Electrónica do Concello , ao xuntar a documentación requirida en cada caso polas bases reguladoras do proceso selectivo, deberán identificar os diferentes documentos que xuntan nomeando os correspondentes pdf que achegan (DNI, documentos integrantes do currículum vitae, etc) para a súa identificación por parte do servizo receptor da documentación.

As solicitudes que se presenten a través de oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA O CONCURSO NA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL

Cando o sistema de selección sexa o de concurso, na quenda de mobilidade horizontal, os aspirantes deberán presentar , xunto coa solicitude, e , en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, copia da documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo.

Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia , xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso polo tribunal cualificador.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados , pero non pedir nova

documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución se publicará no *Boletín Oficial da Provincia* así como na sede electrónica do Concello *ribadavia.es* e no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dez días hábiles para que os excluídos/as poidan emendar , de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión a partir do seguinte ao a publicación da resolución no BOP, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Transcorrido o prazo anterior , a Alcaldía ditará nova resolución pola que se aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo e fixará o o lugar e data de comezo das probas.

TRIBUNAL CALIFICADOR

O tribunal cualificador do proceso será nomeado por decreto de alcaldía e estará composto por seis persoas titulares e seis persoas suplentes, presidente/a, catro vocais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional no que se requira para o seu ingreso unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo(art 34.5 da Lei 4/2007)

A súa composición será paritaria según o establecido no artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A sesión de constitución do tribunal deberá realizarse nun prazo máximo de quince días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no BOP . En dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenrolo do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución , a actuación válida do tribunal requirirá a concurrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza , en todo caso,

das persoas titulares da presidencia e da secretaría ou no seu caso quen lles substitúan

Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a convocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada polo secretario e polo presidente.

O tribunal poderá incorporar aos seus traballos a persoal asesor especialista para as valoracións que estime oportunas, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz pero non voto.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

OBRIGAS DOS ASPIRANTES DE CONCORRER AS PROBAS

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedirá acudir, agás que a excusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no parágrafo seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, en período de parto ou postparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que conorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidese ser acadada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información da que dispoña, se procede ou non realizar a

proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo , calquera que fose derivada da situación de embarazo ou lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias , o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo . Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio , oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

COMEZO E ANUNCIOS DOS EXERCICIOS

O día , hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas anunciarase no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Ribadavia , sito na Praza Maior 4, Ribadavia e na páxina web do concello , xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal , con 24 horas de antelación, cando menos a tal realización , no taboleiro de anuncios do concello , sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web do concello.

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases , considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo a publicación realizada no taboleiro de anuncios do concello.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

En calquera momento o tribunal poderá requirir os opositores para que acrediten a súa identidade.

DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

A orde de actuación das/os opositoras/es iniciárase alfabéticamente pola/o primeiro/a cuxo apelido comenze pola letra Q e continuará sucesivamente pola orde alfabético de acordo coa Resolución de 24 de xaneiro de 2019 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Xunta de Galicia (DOG 5 de febreiro de 2019).

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente o tribunal fará pública a relación dos aspirantes que o superasen, coa indicación da cualificación ou puntuación obtida no taboleiro de anuncios do concello de Ribadavia, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web do concello. Os aspirantes non incluídos na lista terán a cualificación de non aptos e quedarán excluídos do proceso selectivo.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais.

SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DA QUENDA LIBRE.

O proceso selectivo contará coas seguintes fases e probas:

OPOSICIÓN

As probas da oposición son as seguintes, citadas pola orde en que deberán desenvolverse:

A) PROBAS DE COÑECEMENTO.

1. Proba de Avaliación de Coñecementos dos aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada una, que serán propostas polo tribunal e deberán amosar o dominio dos contidos do temario. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas con contido do temario que no momento de publicación no BOP do nomeamento do tribunal do

proceso conten con publicación no boletín ou diario correspondente , aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que a proba sexa correxida sen que se coñez a identidade dos aspirantes.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A-F/3)/10.$$

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non contestadas.

2. Proba de Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego. Consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán.

O exercicio terá unha duración máxima dunha hora

Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

As persoas aspirantes que estean en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm 146 , do 30 de xullo) , daraselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

B) PROBAS FÍSICAS

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura de os/as aspirantes, quedando eliminados os que non consigan a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como

máximas para as probas de velocidade, de resistencia xeral e de natación, e alcanzar ou superar os mínimos das probas de potencia de tren superior e de potencia de tren inferior.

Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, excepto as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal calificador. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase una segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

As persoas aspirantes entregarán ao tribunal un informe sobre o estado de saúde en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado.

Este informe sobre o estado de saúde deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

1. Homes: 7,40"
2. Mulleres: 8,20"

2. Proba de potencia de tren superior:

Os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

2.1 Flexións de brazos

Realizárase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans espidas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizárase de maneira que o queixo asome por encima da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo exigible é de 10 flexións.

2.2 Suspensión en barra.

Realizárase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrado/a con as palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o solo, queixo situado por arriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizárase en ximnasio ou campo de deportes, con solo horizontal e, coa superficie axeitada para efectuar a medición das marcas.

O aspirante colocárase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao solo. Medirase a distancia entre a liña de saída até a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

1. Homes: 210 cm.
2. Mulleres: 185 cm.

4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

O aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

1. Homes: 3,30"
2. Mulleres: 4,10"

5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer xiros.

O aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Una vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en inmersión ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

- Homes: 24".
- Mulleres: 28".

C) PROBAS PSICOTÉCNICAS.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais de os/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán

desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicológico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

1. Proba de intelixencia.

Realizarase una valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia a fatíga intelectual.

2. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento á tensión e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicológico dos candidatos. Deste xeito, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensións ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

D) PROBA DE RECOÑECEMENTO MÉDICO.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Aos efectos da exclusión do aspirante, terase en conta o seguinte:

Obesidade-Delgadez.

Obesidade ou delgadez manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da talla expresada en metros.

Calquera enfermidade, padecimento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

Todas as probas recollidas no punto anterior teñen carácter eliminatorio. Se faculta ao tribunal calificador, una vez finalizada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación a porcentaxe de aspirantes que deban desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas, para poder cumprir co previsto no artigo 13.2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais, respecto da lista de reserva.

BAREMO DO CONCURSO PARA A QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL

O procedemento de concurso consiste na comprobación , avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados , se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

A.1 Titulacións académicas

As titulacións académicas que se baremarán serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente : 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico , arquitecto técnico; diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso a categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta , para os efectos de valoración , as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta, e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A.2 Antigüidade.

Para os efectos da valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

A.3 Formación e docencia

A.3.1 Formación profesional continua:

A.3.1.1 Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0.025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación online: 0.010 puntos.

A.3.1.2 Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través de plans de formación continua, serán valorados de acordo co seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas : só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos: aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas : só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta , para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade ; os cursos repetidos, agás que trascorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso; e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 anterior ,nin a superación de materias destes.

A.3.2 Docencia

A.3.2.1 A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de :

- Cada hora en actividades formativa de asistencia presencial :0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación on line : 0,015 puntos.

A.3.2.2 A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial : 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación on line : 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste epígrafe A.3 deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

A.4 Distincións e recompensas oficiais:

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local : 1,00 puntos.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distinción do órgano colexiado competente do concello : 0,25 puntos.

A.5 Idiomas

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado da Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos
- Certificaddo de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis

- Certificado superación nivel básico :0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado : 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

A.6 Lingua galega

- Celga 1: 0,25 puntos.
- Celga 2: 0,50 puntos.
- Celga 3: 0,75 puntos.
- Celga 4: 1 punto.
- Curso de iniciación: 0,75 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 1,00 puntos.
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50 puntos.
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

A puntuación de cada aspirante na fase de concurso será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado.

RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS E LISTA DE RESERVA.

Una vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal elaborará a relación de aprobados por orde decrecente de puntuación e a relación de seleccionados pola modalidade de concurso na quenda de mobilidade horizontal.

O número de aprobados non poderá superar o número de prazas

convocadas.

O tribunal elaborará, tamén, por orde decrecente de puntuación, una lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter una puntuación inferior a da última persoa que obtivo praza.

Ambas listas serán publicadas no taboeiro de anuncios do concello e na páxina web do concello.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

CURSO SELECTIVO E OBRIGA DA SÚA SUPERACIÓN

Os aspirantes á categoría de Policía Local deberán aprobar un curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e superar un período de prácticas. Só estarán dispensadas de realizar dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública e os funcionarios que accedesen por mobilidade desde a mesma categoría de outros corpos de policía local.

Para aqueles que ingresen por primeira vez na categoría de policía o curso selectivo comprenderá tamén un período de prácticas que se desenvolverá no posto de traballo, dunha duración de tres meses continuados e realizarase ao final do curso teórico.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

Durante o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes que non procedan doutros corpos de seguridade da Comunidade Autónoma terán a consideración de funcionarios en prácticas. Durante este período os aspirantes percibirán as retribucións que lles correspondan de acordo coa lexislación vixente. O nomeamento como funcionario de carreira se efectuará unicamente tras a

superación do curso e o período de prácticas, de acordo co que se estableza na correspondente convocatoria.

Una vez superado o curso selectivo de que se trate, e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de forma que poida procederse ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, e o período de prácticas, se é o caso, as persoas aprobadas que non procedan doutros corpos da Comunidade Autónoma de Galicia serán nomeadas funcionarios en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

.NOMEAMENTO , TOMA DE POSESIÓN E INSCRICIÓN NO REXISTRO DE POLICÍAS DE GALICIA.

Una vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente.

Una vez tomada posesión da praza, publicaranse os nomeamentos no *Diario Oficial de Galicia*, na páxina web do concello, e comunicarase a toma de posesión no prazo dos 15 días seguintes ao Rexistro de Policía Locais de Galicia, para que proceda á oportuna inscrición na sección primeira de devandito Rexistro.

CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As Bases desta convocatoria vinculan á Administración Municipal , aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria; así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nas presentes bases será de aplicación o previsto na Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación das Policíaas Locais, o Decreto 243/2008, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policíaas Locais, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

IMPUGNACIÓN

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio en *Boletín Oficial da Provincia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

ANEXO I TEMARIO

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguridade. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.
3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A

imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguridade. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguridade. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

7. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

17. Lei Orgánica de forzas e corpos de seguridade. Funcións da policía local.

18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.

19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

22. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

25. Homicidio e as súas formas. Delitos leves contra as persoas. Delitos e delitos leves contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

26. Delitos contra a seguridade viaria. Delitos leves cometidos con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigación do funcionario que efectúa una detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incorrer o funcionario que efectúa una detención. O procedemento de habeas corpus.

29. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Os adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público

ANEXO SOLICITUDE QUENDA LIBRE

D/D^a

con DNI

EXPÓN

Que, vista a convocatoria anunciada no *Boletín Oficial da Provincia*, de data _____, en relación coa convocatoria para a selección de tres prazas da categoría de policía local, conforme ás bases publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* número _____, de data _____.

DECLARA BAI XO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Posuír a nacionalidade española.
- Ter a idade esixida na convocatoria.
- Posuír una estatura mínima de *[1.65 homes/1.60 mulleres]*.
- Estar en posesión da titulación exixible para o acceso como funcionario do grupo C1, conforme á normativa de función pública.
- Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B
- Non ser condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a de o servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, con todo, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada, ou segundo o modelo que se esixa na convocatoria.
- Posuír a titulación esixida.

Reunir as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición

TÍTULOS QUE DECLARA POSUIR:

Fun informado de que os datos de carácter persoal aportados serán tratados polo concello de Ribadavia como responsable do tratamento para a xestión do proceso de selección de persoal. Os datos poden ser comunicados a Xunta de Galicia e serán publicados no BOP, na páxina web e na sede electrónica do concello. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ao tratamento se poden exercer ante o concello de Ribadavia ou na dirección de correo electrónico secretaria@ribadavia.es reclamacións relativas ao tratamento de datos ante o Delegado de protección de datos do concello no correo dpo@legalforma.es ou no seu caso ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Por todo o cal, **SOLICITO** ser admitido ao proceso selectivo.

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O solicitante,

Información básica sobre protección de datos:

Responsable do tratamento: Concello de Ribadavia

Finalidade do tratamento: xestión da selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O interesado pode exercer os dereitos acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, e a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda.

Asdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADAVIA

ANEXO SOLICITUDE QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL

D/Dª

con DNI

EXPÓN

Que, vista a convocatoria anunciada no *Boletín Oficial da Provincia*, de data _____, en relación coa convocatoria para a selección de dúas prazas da categoría de policía local, pola quenda de mobilidade horizontal, conforme ás bases publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* número _____, de data _____.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Posuir unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de tres anos en dita categoría.

-Faltar, como mínimo, 12 anos para o pase previsto á situación de segunda actividade.

— Non ser condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio da función pública, nin separado/a de o servizo nas Administracións Públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme

— Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

TÍTULOS QUE DECLARA POSUIR:

Fun informado de que os datos de carácter persoal aportados serán tratados polo concello de Ribadavia como responsable do tratamento para a xestión do proceso de selección de persoal. Os datos poden ser

comunicados a Xunta de Galicia e serán publicados no BOP, na páxina web e na sede electrónica do concello. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos , de limitación e oposición ao tratamento se poden exercer ante o concello de Ribadavia ou na dirección de correo electrónico secretaria@ribadavia.es reclamacións relativas ao tratamento de datos ante o Delegado de protección de datos do concello no correo dpo@legalforma.es o en su caso ante la Agencia Española de Protección de Datos.

Por todo o cal, **SOLICITO** ser admitido ao proceso selectivo.

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

O solicitante,

Asdo.: _____

Información básica sobre protección de datos:

Responsable do tratamento: Concello de Ribadavia

Finalidade do tratamento: xestión da selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O interesado pode exercer os dereitos acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, e a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda

Sr Alcalde- Presidente do concello de Ribadavia.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente en Ribadavia a 2 de abril de 2019 de orde e co visto e prace do Sr Alcalde- presidente.

Vº prace

ALCALDE